



(das terras)

Pământești

(de Natasha Lelenco)

Pământești (das terras) fai un percorrido biográfico a través dun traballo de búsqueda e de investigación, cunha proposta na que a intervención sobre os corpos das modelos e os posteriores procesos técnicos involucrados (bodypainting, fotografía, retoque dixital, impresión sobre lenzo e pintura en acrílico) xenera paisaxes (“terras”) descoñecidas. As 12 pezas da serie compoñen un relato de caída e reconstrucción no que as máscaras van e veñen ocultando e deixando entrever capítulos da historia da súa autora.

As imaxes que compoñen Pământești queren ser, en palabras de Natasha Lelenco “un retrato colectivo dos estados de ánimo e de maneiras de ser nos que a persoa observadora poda atoparse, se cabe, a través da beleza das formas, do descoñecido dos territorios e da danza contida en cada peza”



Natasha Lelenco (Moldavia, 1982) desenvolve o seu traballo creativo nos eidos da ilustración, do video e da fotografía. Titulada en Belas Artes pola Universidade de Oradea, reside e traballa actualmente en Galicia.

Museo Etnolóxico. Ribadavia - Ourense

xullo - agosto 2014



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E O.U.

Dirección xeral de Patrimonio cultural



Museo
Etnolóxico
Ribadavia

galicia



Asociación de Amigos
do Museo Etnolóxico e do
Conxunto Histórico de Ribadavia